




JUAN MANUEL CÁSTUERA > Da ría III (1947) > Paisaxes e retratos, 1946-1956 > Museo de Pontevedra

Breves historias líricas

■ MANUEL XOSÉ NEIRA ■

José Alberte Corral Iglesias

Do lusco-fusco

Baía, 2001

78 páxinas. 7,81 € / 1.300 Ptas.

O libro que imos contentar é da autoría de José Alberte Corral Iglesias, de quen se nos di na lapela que naceu na Coruña, que é licenciado en Ciencias Económicas e que ten estudos de xornalismo na Universidade Central de Venezuela. No momento actual exerce como profesor de Ensino Secundario. Mais J. A. Corral sempre será un meniño do barrio de Monte Alto, na Coruña. Ten aínda pouco publicado: *Del amor y la memoria*, *Palavre e Memória* e *Acarom da Brétema*.

O primeiriño que nos cómpre estipular é que estamos diante dun mañuzo de narracións breves, coma se fosen historias que ben poderían ser asinadas polo mismísimo Castelao. Aí é nada a sinatura do noso heroe nacional, tan bo narrador como exiguo. Así acontece, xa que logo, coa primeira das historias: unha vinganza persoal. Temos que dicir que o libro non leva título en cada relato, o que nos parece desacertado, sendo sinaladas tan só cun número as diferentes narracións. Do número un falamos, pois que nos vén á memoria a figura do

egrexio rianxeiro. E é que, nada máis abriremos o volume que estamos a comentar, sentimos unha coitelada de luz, nun relato moi rotundo e pleno: uns relucos de poesía que deixan no lector a ambigüidade, porque máis ben semellan poemas en prosa, sen unha liña argumental definida. Ao longo das páxinas, paira sempre a visión ideoloxizada, o cal ten unha connotación de sentidos para o bo e para o malo. E que, acaso, se de algo peca *Do lusco-fusco*, poida que sexa, precisamente, de excesos líricos e escasa narración.

Así pois, estamos diante dunha obra que non posúe extracción realista. Polo contrario, vemos como buligan os seres da imaxinería popular: mouros, trasgos, elfos... Velaí, ao noso ver, precisamente, o ton máis vivo: fuxir da realidade cara a esoutros espacios ensoñados. E se as historias comezaban cunha vinganza persoal, rematan co relato de quen sostén, e cómo, as trabes da cidade da Coruña.

Non obstante, percibimos aínda un exceso de tristura, de amargueiro tirado da realidade. Son agora historias crúas,

certamente desesperanzadas, onde o único habitante posible de cara á espera, de proa a ela, é a liberdade.

Falabamos máis arriba de Castelao... É que atopamos a súa presenza nalgún relato feito con pequenos retallos, coa imposible felicidade a deitarse lenemente sobre o lector. Se limitamos os relatos máis fantásticos e a lenta elaboración lírica dalgún retallo, quedaría o libro espido nuns limitados contos que darían algo semellante ao mundo pequeno e pechado de Miguel Torga, a quen algunha vez se asemella tamén o noso autor.

En resumo: estamos diante dunha obra construída a partir de historias moi ben contadas, narradas con man de pequeno mestre. É J. A. Corral Iglesias alguén de quen cómpre, pois, agardar novas entregas, acaso con máis magro narrativo e un pouco menos de lirismo. Relatos nos que o autor desapareza un pouco máis, para quedaren como fitos senlleiros nas páxinas literarias.

■ **Manuel Xosé Neira** é poeta e crítico literario. Acaba de publicar o libro de poemas *Templo* (Galaxia)